

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN DE ADULTOS DISCAPACITADOS DE A CORUÑA (ADCOR), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE TERAPIA, REHABILITACIÓN, LECER E GOCE PERSOAL E DO PROGRAMA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022 do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Dona Rebecca Samathamam Ramanathan, [REDACTED] en calidade de vicepresidenta, que actúa en nome e representación da **Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR)**, con NIF G15546484, en virtude do poder outorgado por acordo do padroado o 15.1.2018, elevado a escritura pública o 18.01.2018.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de benestar social, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) foi clasificada como benéfico-asistencial por Orde do 13 de marzo de 1996, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e declarada de interese galego por Orde do 25 de abril de 1996, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, e inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 1996/3.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da agora Consellería de Política Social e Xuventude en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación ten por finalidade a articulación de medidas asistenciais, prelaborais, laborais e formativas, dirixidas a persoas adultas en situación de discapacidade, tal como se recolle nos seus estatutos.

V. Así mesmo, a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0920.

VI. Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas en situación de dependencia, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) leva a cabo unhas actuacións no marco dos programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia, dirixidas a persoas adultas con discapacidade nas áreas de estimulación cognitiva, física, funcional e sensorial, e actividades recreativas e de lecer.



Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) para a concesión dunha subvención directa destinada ao financiamento dos gastos derivados do Programa de terapia, rehabilitación, lecer e goce persoal que se desenvolve nas áreas de estimulación cognitiva, estimulación física, estimulación funcional, estimulación sensorial e área de actividades recreativas e de lecer, e do Programa das tecnoloxías da información e da comunicación, cos que se persegue un aumento da calidade de vida da persoa residente a través de programas de carácter preventivo e rehabilitador.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) é unha organización sen ánimo de lucro, que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Tendo en consideración as características das persoas usuarias do centro e para a mellora da calidade de vida das mesmas, lévase a cabo unha programación de carácter preventivo e rehabilitador .

A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) é a única entidade que conta cos recursos para atender a este colectivo de persoas, polo que o interese público e social desta concesión directa queda acreditada pola atención a este colectivo vulnerable, o que dificulta a súa convocatoria pública. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade residentes nel, chegando a ser un verdadeiro fogar, polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrência competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a especificidade as actuacións



que desenvolve a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) vén determinada pola exclusividade do proxecto, deseñado en función das características das persoas usuarias do centro, e ten como finalidade proporcionar a habilitación profesional, persoal e social, para conseguir o máximo desenvolvemento das capacidades persoais e laborais das persoas adultas con discapacidade intelectual posibilitando a integración social.

Tendo en conta por unha banda a especificidade do programa polas características da actividade que se vai financiar, o colectivo ao que van dirixidas, e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles; e por outra a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, en relación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade adultas con discapacidade intelectual.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a concesión directa dunha subvención para o financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións que forman parte do Programa de terapia, rehabilitación, lecer e goce persoal (que se desenvolve nas áreas de estimulación cognitiva, estimulación física, estimulación funcional, estimulación sensorial e área de actividades recreativas e de lecer) e Programa das tecnoloxías da información e da comunicación (Tic's), no exercicio 2023.

Perséguese o aumento da calidade de vida da persoa residente a través de programas de

de carácter preventivo e rehabilitador, e ofrecer un tempo e espazo no que se poidan xerar situacións de convivencia e participación a través de actividades recreativas.

Para a realización das actividades realizarase unha avaliación previa da capacidade funcional de cada persoa participante das actuacións dos programas.

SEGUNDA: Actuacións subvencionables

1. Programa de terapia, rehabilitación, lecer e goce persoal. Co obxecto de prestar atención ao colectivo das persoas con discapacidade desenvólvense unhas actuacións nas áreas que se relacionan:

a) Área de estimulación cognitiva.

Son un conxunto de actividades que teñen como obxectivo activar, estimular e adestrar as distintas capacidades e funcións cognitivas como a percepción, atención, razoamento, abstracción, memoria, linguaxe, procesos de orientación e praxe. Todos o días realízanse actividades de orientación á realidade así como actividades de reminiscencia.

b) Área de estimulación física.

Realízase a través de xeronto-ximnasia, psicomotricidade e deambulación. A xeronto-ximnasia consiste na mobilización activa e voluntaria das distintas partes do corpo. No caso das persoas con maior deterioro a xeronto-ximnasia é de forma pasiva e individual.

As actividades de deambulación desenvólvese diariamente co obxectivo de manter a capacidade da marcha e está dirixido ás persoas residentes que , aínda mantendo á súa capacidade de marcha non poden facelo sen axuda.

A actividade de psicomotricidade permite traballar de forma global os aspectos físicos, cognitivos e afectivos a través da realización de rutinas de exercicios con diferentes obxectos.

c) Área de estimulación funcional.

Formación na execución das diferentes actividades básicas da vida diaria , e actividades manuais que sirvan para potenciar as diferentes capacidades e habilidades das persoas residentes e favorecer así a súa independencia e autonomía na vida cotiá.

d) Área de estimulación sensorial.

Son sesións nas que se traballan as sensacións utilizando diferentes materiais como sons, luces, texturas e temperatura, para proporcionar a maior estimulación posible.



e) Área de actividades recreativas e de lecer.

Teñen lugar todos os días da semana en horario de tarde, procurando que se beneficien delas o máximo posible de residentes. Realízanse as seguintes actividades: xogos de mesa, pintura, actividades musicais, visionado de películas, e saídas organizadas.

2. Programa TIC'S.

Este programa ten como fin principal mellorar e potenciar o uso das das novas tecnoloxías da información e a comunicación nas persoas usuarias, que se concreta nas seguintes actividades:

- a) Obradoiros de alfabetización dixital
- b) Aplicación do programa HAPS (Habilidades Adaptativas)
- c) Obradoiros de manexo de tabletas
- d) Obradoiros de utilización de redes sociais (facebook, twitter...)
- e) Obradoiros de uso de internet

TERCEIRA: Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco dos programas a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) é de 61.316,00 €

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **sesenta e un mil trescentos quince euros (61.315,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

CUARTA: Obrigas da entidade

1. A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de



xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que cofinancien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto dos programas a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA: Obrigas e documentación



En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto coa descrición das actuacións dos programas a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA: *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 30% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades a subvencionar a través do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.



Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a condición de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: *Gastos subvencionables e xustificación*

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos de persoal e gastos correntes así como outros gastos da mesma natureza derivados das actuacións descritas na cláusula segunda deste convenio, de acordo co previsto na memoria económica.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución das actividades a subvencionar a través do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.



A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades a subvencionar a través do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2023, aportando a seguinte documentación conforme ao previsto no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución dos programas a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas usuarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

c) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

d) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

e) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto dos programas a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

f) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe



e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicada na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, salvo oposición expresa da entidade. De opoñerse expresamente á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento, se é o caso.

Toda a documentación xustificativa das actividades subvencionadas no marco deste convenio deberá ser asinada pola persoa responsable da Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR).

NOVENA: *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a

Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

DÉCIMA: *Inexistencia de relación laboral*

A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades dos programas a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DECIMO PRIMEIRA: *Subcontratación*

A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 30 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas.

A Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA: *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do



convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR), designados por cada unha das partes así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade actuando como secretario un membro do propio órgano, designado pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA: *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023

Non obstante, os gastos das accións englobadas nos programas a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Fundación de Adultos Discapacitados de A Coruña (ADCOR) dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA: *Obrigas da publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA: *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.



Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA: *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdividas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se o acto fose expreso . Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos comparecente no lugar e data de sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

A representante da Fundación de Adultos
Discapacitados de A Coruña (ADCOR)

Fabiola García Martínez

Rebecca Samathamam Ramanathan